

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A AXENCIA ESTATAL CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS, M.P. (CSIC), A TRAVÉS DO INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA (IEO) E O INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS (IIM), PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “ESTUDO DOS FACTORES BIOLÓXICOS QUE AFECTAN Á ACUMULACIÓN DE CHUMBO EN VOLANDEIRA, E DA DISPERSIÓN E ORIXE DO CHUMBO NOS BANCOS MARISQUEIROS AO LONGO DA RÍA DE VIGO (VOLARIA)”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou co Instituto Español de Oceanografía – Consejo Superior de Investigaciones Científicas (IEO-CSIC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura e finalizará o 31 de outubro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e o IEO-CSIC para mellorar o coñecemento sobre os motivos que provocan a acumulación de chumbo na volandeira por enriba do límite para o consumo humano na Ría de Vigo, incluíndo tanto factores biolóxicos como físico-químicos, así como o transporte e a orixe do chumbo na Ría., e acadar os obxectivos da proposta:

1. Coñecer se existe unha relación entre o tamaño (ou idade) do organismo e a concentración de Pb nos seus tecidos.
2. Coñecer se existen variacións nas concentracións de Pb na volandeira asociadas ao ciclo reprodutivo ou ao estado gonadal.
3. Coñecer os niveis de Pb disolto e particulado ao longo da Ría de Vigo e a súa variación temporal ao longo do ano.
4. Coñecer a orixe do Pb, mediante a análise de isótopos en sedimentos e volandeiras ao longo da Ría de Vigo e, a partir disto, estimar o grao de dispersión do Pb orixinario da antiga fábrica de cerámica.





*Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% - P. para España FEMPA 21-27 CCI 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3 – T.I. 1]
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro*

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: “Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”. Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a “fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

– Os proxectos aprobados pola citada Rede financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

– Na xuntanza ordinaria da Rede celebrada o 20 de febreiro de 2025, esta valorou positivamente a realización dun Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e o IEO-CSIC para mellorar o noso coñecemento sobre os motivos que provocan a acumulación de Pb na volandeira por enriba do límite para o consumo humano na Ría de Vigo, incluíndo tanto factores biolóxicos como físico-químicos, así como o transporte e a orixe do Pb na Ría.

– A Consellería do Mar e o IEO-CSIC consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan abordar a problemática do Pb na Ría de Vigo dende diferentes ópticas. Por unha banda, o estudo de factores biolóxicos que poden influír na bioacumulación de Pb pola volandeira, co obxectivo de atopar vías para a súa comercialización en ventás temporais ou para determinados rangos de tamaño. Por outra banda, o estudo do grao de dispersión do Pb na Ría de Vigo e a determinación da súa orixe mediante isótopos estables, xo obxectivo de identificar os factores que están a provocar altos niveis de Pb en zonas externas da Ría.





*Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% - P. para España FEMPA 21-27 CCI 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3 – T.I. 1]
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

